

GERTY THERESA CORI

Gerty Theresa Cori naceu en Praga en 1896 no seo dunha familia de orixe xudía. Recibiu formación na súa propia casa con profesores particulares ata os 10 anos, cando ingresou no Liceo feminino. En 1914 aprobou o exame de acceso á Facultade de Medicina da Universidade de Praga, onde seis anos despois obtivo o doutoramento.

Durante os seus anos universitarios, Gerty coñeceu ao que sería o seu home e o seu compañeiro de investigación: Carl Cori. Casaron en 1920 e instaláronse en Viena, onde Gerty comezou a traballar nun hospital pediátrico.

Co estalido da Primeira Guerra Mundial, a parella viviu momentos de escaseza e de medo. En 1922 deciden emigrar a EEUU, onde Carl conseguiu un emprego en Búfalo, no Instituto Estatal para o Estudo das Enfermidades Malignas. A parella, que investigaba en conxunto, publicou decenas de artigos.

En 1931 Carl aceptou un traballo como investigador na Escola de Medicina da Universidade de Washington e pediu para a súa muller un posto similar, apelando á súa experiencia e ás súas publicacións, mais Gerty tivo que conformarse cun posto de investigadora asociada, cun soldo moito máis baixo có seu home.

Gerty non se rendeu e continuou investigando. A súa determinación obtivo o seu recoñecemento cando en 1943 conseguiu un posto como profesora asociada de investigación e pouco despois como profesora titular.

No ano 1947 Gerty Cori converteuse na primeira muller en recibir o Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina polo descubrimento do ciclo de Cori, é dicir, o mecanismo de transformación do glicóxeno en ácido láctico.

Gerty Cori traballou ata o final dos seus días investigando e descubrindo novos datos no campo da Bioquímica a pesar de padecer mioesclerose, unha enfermidade mortal que lle foi detectada dez anos antes da súa morte, que se produciu en 1957.

Álex Borrega Alonso

1º Bacharelato A